



Concello de Cospeito

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA, MUIMENTA
Expediente 1074/2024: Convocatoria mesa de contratación

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2024-0786 con data 05 de novembro de 2024, do tenor literal seguinte:

“RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno en virtude do disposto na delegación de competencias, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrência, para a venda ambulante ou non sedentaria de alimentos e bebidas nas inmediacións da Discoteca Hermo na Rúa da Agra, en Muimenta por un prazo de un ano con posibilidade de prórroga dun ano mais e un canon inicial de 180 euros /ano.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de condicións administrativas e técnicas que han de rexer a licitación.

CUARTO.- Convocar o procedemento de licitación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello de Cospeito por un prazo de 15 días hábiles, segundo os termos dos pregos.”

Atendendo ao establecio na cláusula décima dos pregos de condicións administrativas que rexen a licitación, do tenor literal seguinte:

“[...] 10. ORGANO DE VALORACIÓN

Para o outorgamento das autorizacións, o órgano competente estará asistido por unha Mesa integrada por:

Presidente:

Interventora municipal Dona María Silva Taboada

Vogais:

Secretaria Municipal dona Ana María Rubiera Álvarez

Arquitecto municipal don Jose Luis Sanmiguel Guerreiro

Arquitecto técnico municipal Don Armando Rodriguez López

Secretaria:

Administrativa de Secretaría dona Ana María Cabana Martinez”

Vistas as actas das Mesas de valoración celebradas o día 9 de decembro de 2024 e 9 de xaneiro de 2025, nas que se recolle o que seguidamente se transcribe:

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

“No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as 11:00 horas do día 9 de xaneiro de 2025, reúnense telemáticamente os membros da mesa de valoración das ofertas citados anteriormente conforme ao establecido na cláusula décima do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra e conforme ao ditado na Resolución da Alcaldía de data 08/01/2025, ao obxecto de exame da documentación presentada e realización da clasificación aos efectos do establecido na base décimo cuarta do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria.

Vista a acta da Mesa de valoración celebrada o día 9 de decembro de 2024 na que se recolle:

“No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as 11:00 horas do día 9 de decembro de 2024, reúnense os membros da mesa de valoración das ofertas citados anteriormente conforme ao establecido na cláusula décima do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra e conforme o punto segundo da Resolución da Alcaldía num. 2024-0169 de data 13 de marzo de 2024, ao obxecto de cualificar a documentación administrativa e, se procede, a valoración das ofertas económicas:

- Sobre A: “DECLARACIÓN RESPONSABLE- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA.”*
- Sobre B: “OFERTA ECONÓMICA- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA.”*

Procédese a dar lectura das persoas licitadoras que presentaron oferta en tempo e forma, que son as seguintes:

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	Nº REXISTRO DE ENTRADA	DATA DO REXISTRO
NOELIA VERDES PETEIRA	33547168N	2999	05/12/2024
MARIA LUISA COSTA DOS ANJOS	53838409D	3000	05/12/2024
DIANA ADELAIDA MACHADO MACHADO	Y4332036T	3001	05/12/2024

Acto seguido, procédese á apertura dos sobres “A”.

1.- Acto de apertura dos sobres A, coa seguinte lenda :

“DECLARACIÓN RESPONSABLE- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA”

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

Procédese por orde da Presidenta á apertura dos sobres “A”, que deberá conter a declaración reponsable conforme ao Anexo I do prego de condicións administrativas reguladoras referido.

A Secretaria certifica que todos os sobres conteñen a declaración responsable correctamente cumprimentada, tal e como establece a cláusula novena b) do prego de clausulas administrativas.

Do resultado da apertura dos sobres “A”, os membros da Mesa de valoración, por unanimidade, **ACORDAN**:

- Admitir todas as ofertas presentadas.

Unha vez admitidas todas as ofertas presentadas, procédese á apertura dos sobres “B”.

2.- Acto de apertura sobre B, coa seguinte lenda:

“OFERTA ECONÓMICA- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA”

Acto seguido, procédese á apertura dos sobres “B” que deberán conter a oferta económica do solicitante para cada un dos postos en que estea interesado, indicando expresamente a súa preferencia, de acordo co modelo de oferta que se achega como Anexo II do referido prego.

Tal e como establece a cláusula undécima do prego de clausulas administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra, a Mesa decide elaborar o seguinte informe de clasificación das ofertas presentadas, en orde descendente segundo a puntuación obtida conforme ó criterio de valoración contido na cláusula duodécima do prego (mellor oferta económica para cada unha das parcelas a adxudicar) e según as especificacións contidas na clausula undécima do referido prego:

Mesa apertura 09/12/2024			Oferta mínima 180 €/ano			
	Oferta	1ª	2ª		3ª	
Parcela A	Mª Luisa Costa dos Anjos	200,00 €	Noelia Verdes Peteira	180,00 €	-	-
Parcela B	Noelia Verdes Peteira	186,00 €	-	-	-	-
Parcela C	Diana Adelaida Machado	180,00 €	Noelia Verdes Peteira	180,00 €	-	-
Parcela D	Mª Luisa Costa dos Anjos	185,00 €	Noelia Verdes Peteira	180,00 €	-	-
Parcela E	Noelia Verdes Peteira	180,00 €	-	-	-	-
Parcela F	Noelia Verdes Peteira*	180,00 €				
Parcela G	Noelia Verdes Peteira*	180,00 €				

*excede o máximo de parcelas

*excede o máximo de parcelas

Ofertas		Noelia Verdes Peteira	Mª Luisa Costa dos Anjos	Diana Adelaida Machado	
				Machado	
Parcela A 6	180,00 €	Parcela A	200,00 €	Parcela A	-
Parcela B 1	186,00 €	Parcela B	-	Parcela B	-
Parcela C 7	180,00 €	Parcela C	-	Parcela C	180,00 €
Parcela D 2	181,00 €	Parcela D	185,00 €	Parcela D	-
Parcela E 3	180,00 €	Parcela E	-	Parcela E	-
Parcela F 4	180,00 €	Parcela F	-	Parcela F	-
Parcela G 5	180,00 €	Parcela G	-	Parcela G	-

Visto canto antecede os membros da mesa de valoración por unanimidade, **ACORDAN**,

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

PRIMEIRO.- Formular proposta de adxudicación dos postos ofertados ao órgano municipal competente para resolver o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, do seguinte xeito:

Parcela A	Mª Luisa Costa dos Anjos	Importe: 200 €/ano
Parcela B	Noelia Verdes Peteira	Importe: 186 €/ano
Parcela C	Diana Adelaida Machado	Importe: 180 €/ano
Parcela D	Mª Luisa Costa dos Anjos	Importe: 185,00 €/ano
Parcela E	Noelia Verdes Peteira	Importe: 180 €/ano

SEGUNDO.- Notificar os solicitantes propostos como adxudicatarios aos efectos de que presenten a documentación establecida na cláusula décimo terceira do prego de condicións administrativas reguladora da presente convocatoria pública no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, oncurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra, advertíndolle que se no devandito prazo o peticionario non presentase a documentación requirida, a proposta de adxudicación quedará sen efecto e a Mesa formulará proposta de adxudicación ó solicitante que ocupe o posto seguinte na orde de adxudicación, repetíndose o procedemento e outorgándolle ó novo adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presente a documentación sinalada. A non presentación da documentación por parte do solicitante proposto como adxudicatario terá as consecuencias sinaladas nas cláusulas 17 e seguintes deste prego.

TERCEIRO.- Finalizado o prazo de presentación reunirase a mesa de valoración para examinar a documentación presentada e realizar a clasificación aos efectos do establecido na base décimo cuarta do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria.

CUARTO.- Publicar esta acta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello."

Practicada notificación aos solicitantes propostos como adxudicatarios aos efectos de que presenten a documentación establecida na cláusula décimo terceira do prego de condicións administrativas no prazo de 10 días hábiles e acreditada a súa recepción na maneira que se detalla:

- MARIA LUISA COSTA DOS ANJOS: Xustificante de recepción electrónica de data 10/12/2024.
- NOELIA VERDES PETEIRA: Acuse recibo de data 16/12/2024
- DIANA ADELAIDA MACHADO MACHADO: Acuse recibo de data 20/12/2024

Vista a documentación aportada polas solicitantes na data que se indica:

- DIANA ADELAIDA MACHADO MACHADO: documentación presentada en data 18/12/2024, RE núm. 2024-E-RE-887:
 - Oficio polo que adxunta a documentación requirida a efectos de adxudicación definitiva da parcela C
 - Certificado de Rexistro de cidadán da Unión Europea (NIE) e documento de identidade de Portugal
 - Certificados de estar ó corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
 - Certificado de manipulador de alimentos.
 - Póliza de responsabilidade civil por importe de 150.000€.
 - Xustificante de pago da póliza correspondente ó devandito seguro, acreditando que se atopa en vigor ata o 6 de setembro de 2025.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

- *Ficha técnica do vehículo co que se levará a cabo a prestación, matrícula R3692BDP.*
 - *Dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións.*
 - *Xustificante do pago do canon ofertado para a parcela C (180 €/ano)*
 - *Certificado da instalación eléctrica da Consellería de Economía e Industria dilixenciado.*
 - *Certificado de situación de alta no Censo de Actividades Económicas da AEAT*
 - *Resolución da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre recoñecemento de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos.*
 - *Incorpórase de oficio certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Cospeito.*
- **MARIA LUISA COSTA DOS ANJOS**, documentación presentada en data 20/12/2024, RE núm. 2024-E-RE-893:
 - *Oficio polo que adxunta a documentación requerida a efectos de adxudicación definitiva da parcela A, renunciando á parcela D*
 - *DNI*
 - *Certificados de estar ó corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.*
 - *Certificado de manipulador de alimentos (alto risco)*
 - *Póliza de responsabilidade civil por importe de 150.000€,*
 - *Xustificante de pago da póliza correspondente ó devandito seguro, acreditando que se atopa en vigor ata o 16 de maio de 2025.*
 - *Ficha técnica do vehículo co que se levará a cabo a prestación, matrícula R0393BDP*
 - *Dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións.*
 - *Xustificante do pago do canon ofertado para a parcela A (200 €/ano)*
 - *Certificado da instalación eléctrica da Consellería de Economía e Industria dilixenciado.*
 - *Certificado de situación de alta no Censo de Actividades Económicas da AEAT*
 - *Resolución da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre recoñecemento de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos.*
 - *Incorpórase de oficio certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Cospeito.*
- **NOELIA VERDES PETEIRA**: documentación presentada en data 30/12/2024, RE núm. 2024-E-RE-904:
 - *Oficio polo que adxunta a documentación requerida a efectos de adxudicación definitiva da parcela B, renunciando ao resto das parcelas.*
 - *DNI*
 - *Certificados de estar ó corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.*
 - *Certificado de manipulador de alimentos (alto risco)*
 - *Póliza de responsabilidade civil superior a 150.000€.*
 - *Xustificante de pago da póliza correspondente ó devandito seguro, acreditando que se atopa en vigor ata o 1 de xuño de 2025.*
 - *Documentación do vehículo co que se levará a cabo a prestación, matrícula R5738BDM.*

Concello de Cospeito





Concello de Cospeito

- Dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións.
- Xustificante do pago do canon ofertado para a parcela B (186 €/ano)
- Certificado da instalación eléctrica da Consellería de Economía e Industria dilixenciado.
- Incorpórase de oficio certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Cospeito.

Tendo en conta que na cláusula décimo terceira do prego de condicións administrativas, relativa á documentación a presentar polos solicitantes propostos como adxudicatarios, establece no seu apartado d): "Póliza de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a terceiros, por importe mínimo de 150.000€, que estea en vigor, e cunha vixencia que cubra como mínimo o tempo da adxudicación.

Atendendo a que as pólizas presentadas se atopan en vigor ata as datas especificadas anteriormente, non obstante, estas deberán manter a súa vixencia, como mínimo, o tempo da adxudicación.

Á vista do que antecede, os membros da mesa de valoración por unanimidade, **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Formular proposta de aceptación da renuncia formulada por D^a MARIA LUISA COSTA DOS ANJOS, á parcela D.

SEGUNDO.- Formular proposta de aceptación da renuncia de D^a Noelia Verdes Peteira, á parcela E.

TERCEIRO.- Formular proposta de adxudicación dos postos ofertados ao órgano municipal competente de acordo coa clasificación efectuada pola Mesa de valoración que a continuación se especifica e baixo o seguinte condicionamento: as pólizas de responsabilidade civil presentadas deberán manter a súa vixencia, como mínimo, o tempo da adxudicación, o cal deberán acreditar ante este Concello.

CLASIFICACIÓN:

Parcela A	M ^a Luisa Costa dos Anjos	Importe: 200 €/ano
Parcela B	Noelia Verdes Peteira	Importe: 186 €/ano
Parcela C	Diana Adelaida Machado	Importe: 180 €/ano

CUARTO.- Dar traslado do expediente ao órgano competente para a súa adxudicación definitiva, de acordo co establecido na cláusula décimo cuarta dos pregos de condicións administrativas.

QUINTO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello."

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e atendendo ao establecido na Resolución da Alcaldía núm. 2023-0530, de 18 de xullo de 2023, de delegación de competencias na





Concello de Cospeito

Xunta de Goberno Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno en virtude do disposto na delegación de competencias, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEGUNDO.- Aceptar a renuncia formulada por D^a Maria Luisa Costa Dos Anjos, á parcela D.

TERCEIRO.- Aceptar a renuncia de D^a Noelia Verdes Peteira, á parcela E.

CUARTO.- Adxudicar os postos ofertados nas condicións que figuran nas ofertas presentadas e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, de acordo coa clasificación formulada pola Mesa de valoración e que a continuación se especifica:

CLASIFICACIÓN:

Parcela A	M ^a Luisa Costa dos Anjos	Importe: 200 €/ano
Parcela B	Noelia Verdes Peteira	Importe: 186 €/ano
Parcela C	Diana Adelaida Machado	Importe: 180 €/ano

QUINTO.- A eficacia da presente adxudicación quedará condicionada a que as pólizas de responsabilidade civil presentadas deberán manter a súa vixencia, como mínimo, o tempo da adxudicación, o cal deberán acreditar neste Concello.

SEXTO.- Dar traslado da presente Resolución á Garda Civil, de conformidade co establecido na cláusula 14 do prego de condicións administrativas que rexe o procedemento.

SÉTIMO.- Notificar a presente resolución aos interesados e proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello."

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, na data que figura á marxe; do que eu, como Secretaria, dou fe.

Don Armando Castosa Alvariño,
Alcalde-Presidente

Dona Ana María Rubiera Álvarez
Secretaria Xeral

(Asina ós efectos do artigo 3 do RD 128/2018)

